



Teaching Guide

Teaching Guide				
Identifying Data				2022/23
Subject (*)	Theory of Education		Code	652G02001
Study programme	Grao en Educación Primaria			
Descriptors				
Cycle	Period	Year	Type	Credits
Graduate	1st four-month period	First	Basic training	6
Language	Galician			
Teaching method	Face-to-face			
Prerequisites				
Department	Pedagogía e Didáctica			
Coordinador	Zapico Barbeito, Mª Helena	E-mail	helena.zapico@udc.es	
Lecturers	Zapico Barbeito, Mª Helena	E-mail	helena.zapico@udc.es	
Web				
General description	Teoría da educación constitúe unha das materias de carácter básico que se sitúa no primeiro curso e no primeiro cuadrimestre do Grao en Educación Primaria; un momento particularmente sensible e decisivo no comezo da construción da traxectoria formativa do estudantado universitario, e cuxos contidos e competencias resultan un alicerce pedagóxico esencial sobre o que se irán construíndo os piares da súa cualificación e desenvolvemento profesional. Xunto a outras materias coas que atopamos frutíferas conexións conceptuais e epistemolóxicas ao longo de toda a titulación, pretendemos axudar ao alumnado a analizar e comprender criticamente o fenómeno e procesos educativos dende unha perspectiva reflexiva e teórico-práctica. Afondarase asemade nos principios, fins e valores que orientan a función educadora, así coma no estudo dalgunhas das teorías, correntes e movementos educativos máis relevantes e representativos da nosa época, sen perder de vista a imprescindible defensa permanente dos dereitos da infancia. Deste xeito, ofrecerase unha visión actual e prospectiva dos principais desafíos aos que debe facer fronte a escola do século XXI no marco social e comunitario, achegándonos a algunhas das tendencias innovadoras que se albisan como alternativas posibles e pedagogicamente desexables, nomeadamente no contexto do ensino primario. Procurarase, xa que logo, contribuír ?dende un enfoque emancipador, ético e transformador? á construción do pensamento pedagóxico das futuras mestras e mestres, avogando pola recuperación da súa función como intelectuais e creadoras de cultura.			

Study programme competences / results

Code	Study programme competences / results
A1	Comprender os procesos de aprendizaxe relativos ao período de 6-12, no contexto familiar, social e escolar.
A2	Coñecer as características destes estudantes, así como as características dos seus contextos motivacionais e sociais.
A7	Analizar e comprender os procesos educativos na aula e fóra de ela relativos ao período 6-12.
A8	Coñecer os fundamentos da educación primaria.
A9	Analizar a práctica docente e as condicións institucionais que a enmarcan.
A10	Coñecer a evolución histórica do sistema educativo no noso país e os condicionantes políticos e lexislativos da actividade educativa.
A14	Promover accións de educación en valores orientadas á preparación dunha cidadanía activa e democrática.
A16	Deseñar, planificar e avaliar a actividade docente e a aprendizaxe na aula.
A17	Coñecer e aplicar experiencias innovadoras en educación primaria.
A18	Participar na definición do proxecto educativo e na actividade xeral do centro atendendo a criterios de xestión de calidade.
A22	Relacionar a educación co medio, e cooperar coas familias e a comunidade.
A23	Analizar e incorporar de forma crítica as cuestións máis relevantes da sociedade actual que afectan á educación familiar e escolar: impacto social e educativo das linguaxes audiovisuais e das pantallas; cambios nas relacións de xénero e interxeracionais; multiculturalidade e interculturalidade; discriminación e inclusión social e desenvolvemento sustentable.
A34	Fomentar a educación democrática da cidadanía e a práctica do pensamento social crítico.
A64	Relacionar teoría e práctica coa realidade da aula e do centro.
A68	Coñecer formas de colaboración cos distintos sectores da comunidade educativa e do contorno social.
B1	Aprender a aprender.
B2	Resolver problemas de forma efectiva.



B3	Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo.
B4	Traballar de forma autónoma con iniciativa.
B5	Traballar de forma colaborativa.
B6	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.
B7	Comunicarse de maneira efectiva nun contorno de traballo.
B8	Capacidade para elaborar discursos coherentes e organizados lóxicamente.
B9	Capacidade para expoñer as ideas elaboradas, de forma oral e na escrita.
B14	Capacidade para traballar en equipo de forma cooperativa, para organizar e planificar o traballo, tomando decisións e resolvendo problemas, tanto de forma conxunta como individual.
B15	Capacidade para utilizar diversas fontes de información, seleccionar, analizar, sintetizar e extraer ideas importantes e xestionar a información.
B16	Capacidade crítica e creativa na análise, planificación e realización de tarefas, como froito dun pensamento flexible e diverxente.
B17	Capacidade de análise e de autoavaliación tanto do propio traballo como do traballo en grupo.
B18	Compromiso ético para o exercicio das tarefas docentes.
B19	Capacidade de adaptarse a novas situacións nunha sociedade cambiante e plural.
B21	CB1 - Que os estudantes demostrasen posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeneral, e se adoita encontrar a un nivel que, se ben se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo
B22	CB2 - Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo
B23	CB3 - Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética
B24	CB4 - Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado
B25	CB5 - Que os estudantes desenvolvesen aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Learning outcomes			
Learning outcomes		Study programme competences / results	
Analizar e interpretar o concepto de educación e os diferentes elementos que interveñen no desenvolvemento de todo proceso educativo.	A7		
	A8		
	A64		
Comprender e valorar criticamente as dimensións, natureza, funcións e axentes da acción socioeducativa, reflexionando en torno ás súas posibilidades, límites, diversidade e multidimensionalidade.	A8		
	A9		
Descubrir as finalidades educativas no mundo actual e analizar a función dos axentes educativos na práctica docente, tendo en conta os procesos de interacción e comunicación na aula e as condicións institucionais e normativas que a enmarcan.	A9		
	A68		



Construír unha comprensión e unha perspectiva práctica, crítica e responsable respecto das diferentes tendencias e institucións educativas contemporáneas e dos procesos de ensino e aprendizaxe, poñendo en relación a teoría coas diferentes prácticas pedagóxicas analizadas.	A22 A64	B19 B21 B22 B24 B25	
Reflexionar sobre as actuais políticas educativas e marcos legislativos vixentes dende unha perspectiva estatal e internacional, determinando o valor, implicacións e consecuencias que delas se desprenden no contexto dun mundo globalizado.	A9 A10		C7
Coñecer a evolución histórica do sistema educativo no noso país e os condicionantes políticos e legislativos da actualidade educativa	A10		
Fomentar o pensamento crítico e a capacidade de reflexión sobre as prácticas educativas actuais a partir do estudo de múltiples experiencias de innovación socioeducativa, discernindo as luces e sombras de diferentes teorías e ámbitos da educación na actualidade e identificando as súas orixes e fundamentos pedagóxicos.	A10 A17 A64	B15 B23	
Distinguir e comprender diferentes tendencias pedagóxicas baseadas na aprendizaxe dialóxica e relacional, promovendo accións de educación en valores e coñecendo as principais correntes do pensamento contemporáneo de influencia educativa, así como a súa repercusión na etapa de Educación Primaria.	A1 A2 A8 A14 A17 A64		C1 C3
Entender a complexidade social dos procesos educativos como oportunidade para o desenvolvemento dunha cultura promotora de actitudes cívicas, adquirindo un compromiso na loita a prol de sociedades educativas, nas que se consolide a solidariedade interxeracional comunitaria.	A14 A17 A22 A23 A34	B16 B18	
Desenvolver estratexias favorables á construción dunha cidadanía comprometida e respectuosa cos dereitos humanos, traballando especialmente a prol da defensa do dereito á educación, a equidade, a xustiza social e a igualdade de oportunidades no marco da protección internacional dos dereitos da infancia.	A14 A34	B6	C4
Participar no deseño, desenvolvemento e avaliación de proxectos de innovación e intervencións pedagóxicas que promovan unha cidadanía activa e democrática nas comunidades educativas e poidan contribuír á resolución de problemas socioeducativos actuais, á luz dos referentes teóricos analizados.	A14 A16 A18 A22 A34	B4 B5 B7 B8 B9	C6 C7 C8
Afianzar unha actitude autocrítica, de autorregulación da propia aprendizaxe, e de participación activa, comprometida, rigorosa e responsable, aprendendo a cooperar creativamente en procesos de indagación, construción colaborativa, innovación e mellora.	A34 A64	B1 B2 B3 B14 B17	

Contents	
Topic	Sub-topic
1. Explicación e comprensión do feito educativo: funcións sociais e conceptualización da educación	- A Teoría da educación: niveis de análise e planos explicativos. - Ámbito conceptual: caracterización científica da educación. - Natureza e funcións sociais da educación.
2. Dimensións, fins e principios da educación: escola, sociedade e renovación pedagóxica	- Dimensións presentes en toda práctica educativa. - Fins, valores e principios deontolóxicos da educación - Relacións estruturais entre educación e sociedade: Aprendizaxe Servizo e compromiso cívico. - Aproximación aos paradigmas en educación e aos movementos pedagóxicos contemporáneos.



3. O dereito á educación e a igualdade de oportunidades: políticas educativas estatais e dimensión internacional	- Educación e Estado Social: aspectos xerais do dereito á educación. - Lexislación e dereito á educación: perspectiva estatal e internacional. - Educación, igualdade, liberdade e calidade: o marco da democracia. - Liñas e tendencias educativas globais: do marco lexislativo español á dimensión europea da educación.
4. A educación como proceso de comunicación interpersonal: algunhas tendencias pedagóxicas actuais	- Comunicación e educación: a filosofía educativa de Reggio Emilia como exemplo de pedagogía relacional. - A perspectiva dialóxica: transformando as escolas en Comunidades de Aprendizaxe. - Filosofía para crianzas: formación e valores para unha cidadanía crítica e democrática.
5. Educación ao longo da vida e sociedade educativa: cidade educadora e perspectiva interxeracional	- A educación ao longo da vida: concepto, necesidade e evolución histórica. - Sociedade educativa e cidade educadora. - Educación e solidariedade interxeracional: construíndo sociedades para tódalas idades.

Planning				
Methodologies / tests	Competencies / Results	Teaching hours (in-person & virtual)	Student's personal work hours	Total hours
Introductory activities	A2 A64	2	0	2
Guest lecture / keynote speech	A1 A7 A8 A9 A10 A17 A64 B7 B9 B15 B16 C1	12	0	12
Document analysis	A1 A8 A9 A10 B4 B15 B21 B23	2	23	25
Critical bibliographical	A1 A9 A22 A34 A64 B4 B14 B15 C1 C7	0	13	13
Case study	A1 A7 A9 A17 A22 A64 B3 B5 B8 B9 B18 C7	1	9	10
Oral presentation	A16 B5 B7 B8 B9 B14 B24 C1	4	5	9
Supervised projects	A1 A7 A9 A16 A17 A18 A22 A34 A64 B2 B3 B5 B7 B8 B9 B14 B15 B16 B18 B19 B22 B25 C1 C4 C7	0	14	14
Student portfolio	A9 A23 A34 A64 B1 B3 B4 B5 B7 B8 B9 B14 B15 B16 B17 B18 C1 C3 C6 C8	1	9	10
Long answer / essay questions	A9 A22 A64 B1 B2 B3 B4 B8 B9 B15 B16 C1	2	15	17
Directed discussion	A9 A22 A34 A64 B1 B3 B4 B7 B8 B9 B25 C1	6	0	6



Aprendizaxe servizo	A1 A2 A7 A9 A14 A16 A18 A22 A34 A64 A68 B1 B3 B4 B5 B6 B7 B9 B14 B16 B17 B18 B19 C1 C4 C7	6	18	24
Events academic / information	A1 A7 A8 A9 A17 A22 A34 A64 B19 C4 C7	0	2	2
Personalized attention		6	0	6
(*)The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.				

Methodologies	
Methodologies	Description
Introductory activities	Nas primeiras sesións de clase levaranse a cabo actividades de carácter expositivo, por parte do/a profesor/a, nas que se presentará o programa da materia e a dinámica metodolóxica establecida para o mellor desenvolvemento da mesma.
Guest lecture / keynote speech	Exposición oral dos contidos da materia diante do alumnado, complementada co uso dos recursos pertinentes (textuais e/ou audiovisuais) e a introdución de preguntas dirixidas ao alumnado para motivar a reflexión e o diálogo aberto. A obxectivo final pasa pola transmisión de coñecementos e ao tempo facilitar a súa aprendizaxe, potenciando a participación dos/as estudantes na construción significativa do coñecemento.
Document analysis	Análise crítica e reflexiva de documentos e fontes relevantes (bibliográficos, legislativos, audiovisuais, xornalísticos...), o que implica a identificación e comprensión dos aspectos clave en relacións cos contidos da materia, co fin de interpretar e cuestionar a realidade que se nos amosa.
Critical bibliographical	Proceso de lectura crítica dun libro, artigo ou calquera outro documento escrito. Comprende ademais da lectura da obra en cuestión, a análise do seu contido, unha crítica e mesmo unha valoración en relación con outros documentos de igual ou parecida natureza.
Case study	Consiste na procura e/ou achegamento dunha serie de casos ou experiencias educativas para o seu estudo, análise e discusión á luz dos referentes teóricos da materia.
Oral presentation	Exposicións de traballos realizados tanto de xeito individual como colectivo, diante do grupo de referencia, procurando tirar algunhas conclusións sobre o problema de investigación, documento ou experiencia abordada.
Supervised projects	Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma do alumnado baixo a tutela e seguimento por parte da/o docente. Tendo como referencia os contidos e a bibliografía da materia, e coas orientacións que a profesora estime oportunas, realizarase en grupo (4-5 persoas) un traballo de ampliación sobre un dos 5 bloques temáticos, que contemplará a recensión dun libro, a busca e análise de novas de prensa, e/ou un estudo de caso sobre unha experiencia, un programa ou recurso relacionado. Será preciso desenvolver, como mínimo, dúas sesións de tutoría nas que presentar o guión do traballo e facer o seguimento do mesmo. As datas serán acordadas na aula. Ademais de ser incluído no cartafol, cada grupo expoñerá nunha sesión interactiva, o seu traballo, co obxecto de compartilo e sometelo a debate e valoración. A súa entrega e avaliación terá lugar ao finalizar o cuatrimestre, sendo un traballo final de curso, que require dunha abordaxe completa e holística da materia.



Student portfolio	Dossier ordenado por seccións, debidamente identificadas e paxinadas, no que se recollen os rexistros e/ou materiais produto das actividades de aprendizaxe realizadas polo alumnado. Realizarase a nivel grupal (entre 4-5 integrantes) e incluíranse aquelas actividades indicadas pola/o docente, referentes tanto ás sesións expositivas como interactivas, e que poden abranger: notas de clase, mapas conceptuais, glosarios, recensións de fontes documentais, resumo de eventos científicos e/ou divulgativos... De cada actividade recollerase ademais unha valoración sobre a práctica desenvolvida (contidos abordados, competencias adquiridas, metodoloxía aplicada...). Así mesmo, presentarase ao final unha autoavaliación individual do proceso de aprendizaxe, das competencias adquiridas, do grao de participación e implicación, do tempo dedicado... O cartafol é froito do traballo tutelado e continuo en torno aos diferentes núcleos temáticos que se iniciarán na aula pero que requirirá do traballo autónomo do alumnado ?previo e posterior?, atendendo ás indicacións que se proporcionarán a través da atención personalizada da profesora, na aula e no horario de tutorías. Ao igual que acontece cos traballos tutelados e por formar estes parte do propio cartafol, a súa entrega e avaliación terá lugar igualmente ao finalizar o cuadrimestre, sendo por tanto un traballo final de curso, que require dunha abordaxe global e integral dos contidos da materia.
Long answer / essay questions	Pretende determinar os logros do alumnado en termos de obxectivos. Procura avaliar de xeito directo a capacidade de análise, a expresión e a organización de ideas relativas aos contidos da materia. Valorarase a rigorosidade da resposta, combinada coa capacidade de razoamento (argumentación, relación entre ideas, comparación...), creatividade e espírito crítico. Implica un estudo amplo e profundo dos contidos, sen perder de vista o conxunto das ideas e as súas relacións. A súa realización terá lugar na data oficial establecida para o exame da materia.
Directed discussion	En base a lecturas previas de carácter obrigatorio, a través das que recoller diferentes argumentacións sobre unha temática, favorecendo o debate e contraste de opinións fundamentadas, coa finalidade de que o alumnado constrúa unha visión crítica das diferentes formas de interpretar a realidade socioeducativa.
Aprendizaxe servizo	Metodoloxía que combina o servizo á comunidade coa aprendizaxe nun só proxecto, no que o alumnado se forma traballando en necesidades reais do seu entorno coa fin de melloralo.
Events academic / information	Asistencia e participación en actividades de carácter científico e/ou divulgativo (congresos, xornadas, simposios, cursos, conferencias, exposicións...), que teñan relación coa materia. Deben entenderse como unha estratexia complementaria de formación e nunca como substitutiva de outras.

Personalized attention

Methodologies	Description
Critical bibliographical Student portfolio Supervised projects Oral presentation Case study	Para o desenvolvemento do traballo tutelado principal (no que se inclúe unha recensión bibliográfica e estudo de casos), a súa presentación oral e a realización do cartafol, será preciso participar, como mínimo, en dúas sesións de tutorización, nas que facer o seguimento por parte da profesora. Estas sesións serán indicadas na aula. Por outra parte, para superar con éxito a materia, é moi aconsellable, así mesmo, a asistencia ás clases e o seguimento diario dos contidos e actividades propostas. Outras recomendacións útiles para o estudo da materia serían algunhas como: realizar as lecturas previas dos materiais así como as tarefas encomendadas en cada caso seguindo o cronograma previsto e atendendo as indicacións aportadas pola docente; desenvolver unha actitude crítica e reflexiva arredor da materia, para chegares a construír os alicerces acerca dun corpo de coñecementos sobre o eido socioeducativo; ou coidar a exposición, redacción e claridade de contidos nas probas escritas, nas actividades e nos exercicios en grupo, así como no resto de estratexias metodolóxicas propostas.

Assessment

Methodologies	Competencies / Results	Description	Qualification
---------------	------------------------	-------------	---------------



Student portfolio	A9 A23 A34 A64 B1 B3 B4 B5 B7 B8 B9 B14 B15 B16 B17 B18 C1 C3 C6 C8	Dossier ordenado por seccións, debidamente identificadas e paxinadas, no que se recollerán os rexistros e/ou materiais produto das actividades de aprendizaxe realizadas polo alumnado. Recolleranse, como mínimo, o rexistro dunha sesión expositiva (mapa conceptual, glosario, reflexión grupal sobre os contidos, aplicación á Educación Primaria...) e de tres prácticas de sesións interactivas (discusión dirixida, análise de fontes documentais, presentación oral, estudo de caso...), e unha autoavaliación individual en relación ás aprendizaxes e competencias desenvolvidas na materia, o grao de implicación persoal nas actividades e traballos grupais... Na cualificación do cartafol, contéplase o traballo final (15 pto.) e a asistencia a clase (10 pto.). Valorarase a capacidade reflexiva en relación á propia aprendizaxe; a evolución da aprendizaxe reflectida nas prácticas recollidas en relación ao grao de profundidade do contido; a capacidade para establecer sinerxías; o tratamento dunha linguaxe propia do contexto disciplinar; a utilización de fontes documentais complementarias e actuais; a presentación; entre outros. Ao igual que acontece cos traballos tutelados e por formar estes parte do propio cartafol, a súa entrega e avaliación terá lugar igualmente ao finalizar o cuadrimestre, sendo por tanto un traballo final de curso, que require dunha abordaxe global e integral dos contidos da materia.	25
Supervised projects	A1 A7 A9 A16 A17 A18 A22 A34 A64 B2 B3 B5 B7 B8 B9 B14 B15 B16 B18 B19 B22 B25 C1 C4 C7	Deberá incluír unha recensión sobre un libro relacionado coa temática e un estudo de caso sobre unha experiencia, programa, recurso, etc. Poderase solicitar tamén, de ser o caso, a análise de novas de prensa. Valorarase especialmente: a coherencia interna; a profundidade do contido; a capacidade para establecer sinerxías; o tratamento dunha linguaxe propia do contexto disciplinar; a utilización de fontes documentais complementarias e actuais; a presentación; entre outros. A súa entrega e avaliación terá lugar ao finalizar o cuadrimestre, sendo un traballo final de curso, que require dunha abordaxe completa e holística da materia.	25
Oral presentation	A16 B5 B7 B8 B9 B14 B24 C1	A valoración do traballo presentado terá carácter grupal. Será por elo preciso que cada grupo estableza unhas normas de autorregulamento mínimas que faciliten a dinámica de traballo en tódolos casos. Valorarase: a orde na exposición; a claridade e corrección lingüística; a capacidade de síntese das ideas fundamentais; o nivel de profundidade na abordaxe da temática que amose a súa comprensión; a linguaxe non verbal e utilización do espazo; a creatividade (presentación suxestiva, motivadora, dinamizadora da participación das/os compañeiros/as...); o uso de recursos...	10
Long answer / essay questions	A9 A22 A64 B1 B2 B3 B4 B8 B9 B15 B16 C1	Pretende determinar os logros do alumnado en termos de obxectivos. Procura avaliar de xeito directo a capacidade de análise, a expresión e a organización de ideas relativas aos contidos da materia. Valorarase a rigorosidade da resposta, combinada coa capacidade de razoamento (argumentación, relación entre ideas, comparación...), creatividade e espírito crítico. Implica un estudo amplo e profundo dos contidos, sen perder de vista o conxunto das ideas e as súas relacións. A súa realización terá lugar na data oficial establecida para o exame da materia.	40

Assessment comments



1.- Para superar a materia é imprescindible ter superadas todas e cada unha das actividades de avaliación. En caso contrario a cualificación será de suspenso. Gardaranse as partes aprobadas durante a convocatoria anual.

2.- A asistencia e participación activa e esixente nas dinámicas de aula será considerada de forma positiva no proceso de avaliación.

3.- Calquera circunstancia persoal que poida alterar o seguimento da materia por parte do alumnado deberá ser comunicada ao inicio do curso para a súa oportuna e axeitada consideración. Para o alumnado que, por razóns debidamente acreditadas, non poida ter unha asistencia sistemática e o faga a tempo parcial, establécense os seguintes criterios de avaliación:

Recensión e exposición oral dun dos libros da bibliografía básica, que deberá ser acordado coa profesora a principio de curso para a convocatoria de xaneiro, e no comezo do segundo cuadrimestre para a convocatoria de xullo (30%). Proba de ensaio (70%). As pautas e criterios de avaliación están recollidas no Documento de Actividades de Avaliación colgado no Moodle.

4.- Para acollerse á modalidade presencial, cómpre ter unha asistencia mínima do 85%.

Sources of information



